



U N

## Demografía

**E**ste capítulo ten como obxectivo a análise do peso da muller no conxunto da poboación galega, como aspecto introdutorio e necesario para levar a cabo o posterior estudio das condicións socio-sanitarias e educativas da muller, así como da súa situación dentro do mercado laboral galego, da súa participación sectorial e da protección social que recibe.

En primeiro lugar analízase a evolución e a distribución por sexos, idade, lugar de nacemento e de residencia da poboación galega na serie 1996-2001 nos casos en que existen datos facilitados polo INE e polo IGE. Unha vez obtida unha visión xeral da distribución da poboación en Galicia, estúdase a súa posible evolución a partir, tanto do saldo vexetativo e das cifras de fecundidade, como das porcentaxes de residentes non nados en Galicia e dos inmigrantes.

### Distribución territorial da poboación

Atendendo ós datos proporcionados polo INE, expostos no **cadro 1.1.**, a un de xaneiro do

2001 Galicia tiña unha poboación de 2.732.926 persoas, das que o 51,9% eran mulleres. A poboación galega nesta data era o 6,65% da poboación española total, porcentaxe que ascende ó 6,77% no caso das mulleres. Por provincias destaca polo seu volume de poboación A Coruña co 40,5% da poboación galega, seguida de Pontevedra co 33,5%, correspondéndolle ás provincias de Ourense e Lugo unha porcentaxe de poboación de pouco máis do 10% respectivamente. Estas porcentaxes mantéñense cando se refiren en exclusiva ó volume provincial de mulleres en relación ó total de Galicia.

En relación á poboación existente no ano 1996, obsérvase unha redución do volume de poboación galega de 9.696 persoas, das que un 65% son homes; a nivel porcentual na serie analizada a poboación masculina reduciuse nun 0,4% fronte á redución da poboación feminina que foi dun 0,2%. A nivel provincial prodúcese unha redución do volume de poboación en tódalas provincias, agás na provincia de Pontevedra na que o seu saldo positivo (1.072 persoas) non compensa as reducións de poboación das outras tres provin-

1.1.

**Poboación 1996-2001: distribución segundo provincia e sexo**

	1996			2001			2001/1996		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	1.110.302	533.921	576.381	1.108.002	532.039	575.963	-2.300	-1.882	-418
Lugo	370.303	180.550	189.753	364.125	176.856	187.269	-6.178	-3.694	-2.484
Ourense	346.913	166.778	180.135	344.623	165.295	179.328	-2.290	-1.483	-807
Pontevedra	915.104	439.098	476.006	916.176	439.888	476.288	1.072	790	282
Medio rural	865.158	420.689	444.469	835.168	404.685	430.483	-29.990	-16.004	-13.986
Medio rural/total (%) (1)	31,54	31,86	31,25	30,56	30,80	30,34			
<b>Total Galicia</b>	<b>2.742.622</b>	<b>1.320.347</b>	<b>1.422.275</b>	<b>2.732.926</b>	<b>1.314.078</b>	<b>1.418.848</b>	<b>-9.696</b>	<b>-6.269</b>	<b>-3.427</b>
<b>Total España</b>	<b>39.669.394</b>	<b>19.399.549</b>	<b>20.269.845</b>	<b>41.116.842</b>	<b>20.165.514</b>	<b>20.951.328</b>	<b>1.447.448</b>	<b>765.965</b>	<b>681.483</b>
<b>Galicia/España (%)</b>	<b>6,91</b>	<b>6,81</b>	<b>7,02</b>	<b>6,65</b>	<b>6,52</b>	<b>6,77</b>			

(1) Considérase medio rural como o integrado por aqueles municipios onde máis do 15% da súa poboación ocupada o está no sector agrogandeiro e forestal.  
Fonte: INE

cias galegas, provocando unha diminución na poboación para o total da Comunidade Autónoma. Finalmente destacar o feito de que na serie analizada, a poboación galega perdeu peso no total da poboación estatal, debido a que fronte o incremento de poboación do estado do 3,6%, a poboación galega reduciuse nun 0,35% en relación ó ano 1996, esta redución do peso poboacional é do 0,25% no caso das mulleres e do 0,29% no caso dos homes.

Tendo en conta que se considera medio rural aquel integrado polos concellos que manteñen máis do 15% da súa poboación ocupada no sector agrogandeiro e forestal, o **cadro 1.1** mostra unha redución de case 30.000 persoas entre os anos 1996 e 2001 da poboación dos concellos integrados no citado medio rural, o que supón unha redución do 3,6% da poboación nestes concellos. A redución da poboación no medio rural é significativamente superior á media da poboación galega, que entre os citados anos situose nun 0,3%, neste senso o peso porcentual da poboación rural galega respecto da poboación total da Comunidade, descende un punto porcentual entre os anos sinalados. O peso porcentual das mulleres residentes nun municipio rural en Galicia, pasa do 31,25% do total de mulleres no ano 1996 ó 30,34% no ano 2001.

No que respecta á desagregación da poboación atendendo ó sexo e á idade, os datos proporcionados polo INE para a serie 1996-2001, expostos no **cadro 1.2.**, mostran como o a porcentaxe de poboación feminina sobre o total de poboación galega pasa do 51,8% no ano 1996 ó 51,9% no ano 2001, das que o 16,7% tiñan entre 0 e 19 anos, o

29,3% entre 20 e 39 anos, o 30,2% entre 40 e 64 anos, e o 23,6% restante máis de 65 anos; en relación ó ano 1996 salienta o descenso da porcentaxe de poboación feminina sobre o total de mulleres na franxa de idade entre 0 e 19 anos, porcentaxe que pasa do 20,8% no ano 1996 ó 16,7% citado no ano 2001. As porcentaxes de homes segundo a súa idade en Galicia para o ano 2001, son as seguintes, entre 0 e 19 anos está o 19% dos homes, entre 20 e 39 anos o 31,7%, entre 40 e 64 anos o 32,2% e de máis de 65 anos o 17,7%.

No que respecta ás porcentaxes de homes e mulleres en relación ó total da poboación galega no ano 2001, destacar que fronte á igualdade porcentual de homes e mulleres con idades comprendidas entre 20 e 64 anos, os homes con idades entre 0 e 19 anos representan o 9,1% da poboación total fronte ó 8,7% de mulleres, e as mulleres con máis de 65 anos representan o 12,2% da poboación total, mentres que os homes con máis de 65 anos acadan o 8,5% da poboación total. O peso porcentual de mulleres e homes nas diferentes franxas de idade mantense en relación ó ano 1996, salientando o descenso da porcentaxe de individuos entre 0 e 19 anos en ámbolos dous sexos, así como o incremento das porcentaxes de homes e mulleres con máis de 65 anos.

No **cadro 1.3.** obsérvase a distribución da poboación segundo o tamaño do municipio e o sexo nos anos 1996 e 2001, neste senso no ano 2001 o 18,7% da poboación galega vive nas capitais da comunidade fronte ó 18,6% no ano 1996, mentres que do 81,3% da poboación que vive nos restantes municipios, o 52,5% da mesma reside en municipios entre 2.000 e 20.000 habitantes fronte



1.2.

**Poboación 1996-2001: distribución segundo grupos de idade e sexo**

**1996**

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total		
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
<b>0-4</b>	40.745	19.834	11.621	5.874	10.984	5.273	38.680	19.898	18.782	102.030	52.394
<b>5-9</b>	49.688	25.452	14.990	7.693	13.616	6.875	46.768	23.891	22.877	125.062	63.911
<b>10-14</b>	64.798	33.095	19.310	9.762	17.797	9.204	58.773	30.080	28.693	160.678	82.142
<b>15-19</b>	89.619	45.654	24.017	12.319	22.943	11.804	80.905	40.995	39.910	217.485	110.772
<b>20-24</b>	91.999	46.842	23.826	11.822	23.346	11.747	81.116	41.074	40.043	220.287	111.666
<b>25-29</b>	84.917	42.186	24.070	12.056	22.599	11.341	73.283	36.749	36.534	204.869	102.331
<b>30-34</b>	80.813	40.064	24.762	12.575	21.519	10.774	66.701	32.866	33.835	193.796	96.251
<b>35-39</b>	79.892	39.697	24.786	11.966	21.807	10.981	65.353	31.966	33.387	191.838	95.463
<b>40-44</b>	73.077	36.454	22.310	11.888	19.726	10.044	59.680	29.137	30.543	174.793	87.270
<b>45-49</b>	72.852	35.962	20.789	10.755	20.179	9.931	58.211	28.848	29.363	172.031	85.813
<b>50-54</b>	67.813	33.287	34.526	10.474	20.983	10.302	53.030	26.170	26.860	162.781	80.234
<b>55-59</b>	57.491	27.566	20.543	9.768	19.422	9.213	43.745	23.102	23.102	141.202	67.179
<b>60-64</b>	60.426	32.431	27.039	12.917	26.045	12.301	51.449	23.823	23.626	173.959	81.471
<b>65-69</b>	59.552	26.769	26.159	12.339	24.266	11.314	43.550	19.404	24.146	153.526	69.827
<b>70-74</b>	47.794	20.093	23.821	10.764	22.130	12.282	34.958	14.176	20.782	128.704	54.881
<b>75-79</b>	35.892	13.534	17.937	7.453	16.994	7.057	26.562	9.708	16.854	97.385	37.752
<b>80-84</b>	24.693	8.432	12.893	5.067	12.579	4.626	18.344	5.898	12.447	68.510	24.023
<b>85 e máis</b>	19.241	5.503	10.474	4.023	9.977	3.415	13.995	3.772	10.223	53.687	16.713
<b>Total</b>	<b>1.110.302</b>	<b>533.922</b>	<b>370.301</b>	<b>180.551</b>	<b>346.912</b>	<b>166.777</b>	<b>915.103</b>	<b>439.098</b>	<b>476.007</b>	<b>2.742.623</b>	<b>1.320.346</b>

**2001**

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total		
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
<b>0-4</b>	33.957	17.560	9.373	4.802	9.242	4.809	32.286	16.713	15.573	84.858	43.883
<b>5-9</b>	42.601	21.833	12.330	6.259	11.819	6.123	40.508	20.862	19.645	107.257	55.077
<b>10-14</b>	50.930	26.109	15.640	7.989	14.354	7.086	47.704	24.353	23.351	128.628	65.718
<b>15-19</b>	68.525	35.069	20.084	10.166	18.680	9.687	61.057	31.343	29.714	168.346	86.265
<b>20-24</b>	89.276	45.334	24.203	12.306	23.349	11.828	80.037	40.283	39.754	216.865	109.750
<b>25-29</b>	89.731	45.224	23.786	11.906	23.052	11.500	78.342	39.502	38.840	214.911	108.131
<b>30-34</b>	84.700	41.663	24.405	12.174	22.816	11.409	67.251	36.482	34.260	205.122	101.728
<b>35-39</b>	81.632	40.361	25.177	12.757	22.122	11.033	62.251	32.991	31.962	196.182	97.142
<b>40-44</b>	80.122	39.565	24.949	12.893	22.217	11.145	65.339	31.962	33.377	192.627	95.565
<b>45-49</b>	72.556	35.993	22.149	11.712	20.060	10.178	58.782	28.734	30.048	173.547	86.617
<b>50-54</b>	72.985	35.875	21.031	10.751	20.889	10.513	58.218	28.712	29.506	173.123	85.852
<b>55-59</b>	66.783	32.482	20.929	10.292	21.289	10.232	51.306	25.080	26.226	160.307	78.087
<b>60-64</b>	57.585	27.122	20.950	9.918	20.250	9.556	49.174	23.295	23.002	142.372	66.898
<b>65-69</b>	67.115	30.642	26.547	12.462	25.817	12.077	49.174	22.172	27.002	168.653	77.355
<b>70-74</b>	54.962	23.822	24.554	11.234	22.940	10.417	39.906	17.111	22.796	142.362	62.583
<b>75-79</b>	41.610	16.443	20.898	9.069	19.603	8.314	30.496	11.602	18.894	112.608	45.427
<b>80-84</b>	28.606	9.865	14.360	5.570	13.504	5.135	20.913	6.859	14.054	77.384	27.428
<b>85 e máis</b>	24.326	7.078	12.760	4.601	12.620	4.069	18.069	4.824	13.245	67.776	20.571
<b>Total</b>	<b>1.108.002</b>	<b>532.040</b>	<b>364.125</b>	<b>176.861</b>	<b>344.623</b>	<b>165.292</b>	<b>916.176</b>	<b>439.887</b>	<b>476.289</b>	<b>2.732.928</b>	<b>1.314.077</b>

Fonte: INE. Revisión do Padrón municipal

1.3.

Poboación 1996-2001: distribución segundo tamaño do municipio e sexo

	1996												2001																		
	A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra			Total			A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra			Total			
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
<b>Capital</b>	243.785	113.992	129.793	85.174	40.129	45.045	107.060	50.368	56.692	74.287	35.183	39.104	510.306	239.672	270.634																
Municipio non capital	866.517	419.929	446.588	285.129	140.421	144.708	239.853	116.410	123.443	840.817	403.915	436.902	2.232.316	1.080.675	1.151.641																
menos de 101 hab.	-	-	-	310	159	151	-	-	-	-	-	-	310	-	-																
de 101 a 500 hab.	-	-	-	1.956	971	985	5.517	2.769	2.748	636	300	336	8.109	4.040	4.069																
de 501 a 1.000 hab.	-	-	-	14.869	7.433	7.436	53.547	25.849	27.698	-	-	-	83.261	40.656	42.605																
de 1.001 a 2.000 hab.	82.672	40.808	41.864	127.898	63.585	64.313	107.678	52.251	55.427	56.560	27.912	30.648	376.808	184.566	192.252																
de 2.001 a 5.000 hab.	242.376	118.286	124.090	66.660	32.681	33.979	36.866	17.872	18.994	132.260	63.250	69.000	478.152	232.089	246.063																
de 5.001 a 10.000 hab.	220.883	107.572	113.311	73.436	35.592	37.844	36.245	17.669	18.576	209.360	101.711	107.649	539.924	262.544	277.380																
de 10.001 a 20.000 hab.	129.021	62.999	66.022	-	-	-	-	-	-	153.237	74.410	76.827	282.258	137.409	144.849																
de 20.001 a 50.000 hab.	176.720	82.890	93.830	-	-	-	-	-	-	286.774	136.332	150.442	176.720	82.890	93.830																
de 50.001 a 100.000 hab.	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	286.774	136.332	150.442																
de 100.001 a 500.000 hab.	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-																
<b>Total</b>	1.110.302	533.921	576.381	370.303	180.550	189.753	346.913	166.778	180.135	915.104	439.098	476.006	2.742.622	1.320.347	1.422.275																
<b>Capital</b>	239.434	111.387	128.047	88.901	41.757	47.144	109.051	50.933	58.118	75.864	35.864	40.000	513.250	239.941	273.309																
Municipio non capital	868.568	420.652	447.916	275.224	135.099	140.125	235.572	114.362	121.210	840.312	404.024	436.288	2.219.676	1.074.137	1.145.539																
menos de 101 hab.	-	-	-	239	124	115	-	-	-	-	-	-	239	-	-																
de 101 a 500 hab.	-	-	-	1.791	878	913	7.982	3.916	4.066	659	320	339	10.432	5.114	5.318																
de 501 a 1.000 hab.	16.046	7.944	8.102	21.481	10.803	10.678	56.930	27.595	29.335	-	-	-	94.457	46.342	48.115																
de 1.001 a 2.000 hab.	93.466	45.937	47.529	112.417	55.576	56.841	88.594	42.874	45.710	83.639	39.854	43.785	378.106	184.241	193.865																
de 2.001 a 5.000 hab.	218.621	106.440	112.181	75.264	36.754	38.510	43.302	21.132	22.170	103.562	49.822	53.740	440.749	214.148	226.601																
de 5.001 a 10.000 hab.	210.639	102.589	108.050	64.032	30.964	33.068	38.774	18.845	19.929	210.532	102.466	108.046	523.977	254.884	269.093																
de 10.001 a 20.000 hab.	156.068	76.435	79.633	-	-	-	-	-	-	154.638	75.005	79.633	310.706	151.440	159.266																
de 20.001 a 50.000 hab.	173.728	81.307	92.421	-	-	-	-	-	-	287.282	136.537	150.745	173.728	81.307	92.421																
de 50.001 a 100.000 hab.	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	287.282	136.537	150.745																
de 100.001 a 500.000 hab.	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-																
<b>Total</b>	1.108.002	532.039	575.963	364.125	176.856	187.269	344.623	165.295	179.328	916.176	439.888	476.288	2.732.926	1.314.078	1.418.848																

Fonte: INE. Revisión del Padrón municipal



1.4.

Número medio de fillos por muller en Galicia e España 1996-2001

	1996	1997	1998	1999	2000	2001 (1)
<b>Galicia</b>	0,92	0,92	0,90	0,91	0,92	0,91
A Coruña	0,88	0,90	0,89	0,89	0,92	0,91
Lugo	0,81	0,83	0,85	0,81	0,85	0,77
Ourense	0,87	0,84	0,79	0,79	0,78	0,75
Pontevedra	1,02	0,99	0,97	1,01	1,01	1,01
<b>España</b>	1,17	1,18	1,16	1,20	1,24	1,24

(1) datos provisionais  
 Fonte: INE, *Indicadores demográficos básicos*

1.5.

Nº medio de fillos nados vivos 1999 (1):  
 distribución segundo actividade económica

	España	Galicia
	(nº fillos)	
<b>Ocupadas</b>	1,0	1,3
Por conta propia	1,5	1,9
Asalariadas total	0,9	1,0
Asalariadas fixas	1,1	1,2
Asalariadas temporais	0,7	0,8
Outra situación	0,8	2,2
<b>Paradas buscando emprego</b>	0,8	0,5
Estudiantes	0,04	-
Labores do fogar	2,0	1,8
Xubiladas, pensionistas	1,5	2,4
Outra situación	1,0	2,0
<b>Total</b>	1,1	1,1

(1) Fecundidade: mulleres entre 14 e 49 anos  
 Fonte: INE, *Encuesta de fecundidad 1999*

ó 53,8% no ano 1996, a distribución da poboación segundo o tamaño do municipio permanece estable en relación ó ano 1996, salientando o incremento do 0,99% no número de mulleres residentes nas capitais, fronte ó 0,11% de incremento no caso dos homes. En relación á distribución por sexo sinalar que nas capitais galegas vive o 19,2% do total de mulleres galegas, e o 18,2% do total de homes, sendo o volume de mulleres nas capitais un 6,6% superior ó de homes.

A nivel provincial no ano 2001 o número de mulleres que viven nas capitais de provincia en relación ó total de mulleres do conxunto da provincia está por riba da media nas provincias de Ourense (32,4%), Lugo (25,1%) e A Coruña (22,2%), destacando a porcentaxe da provincia de Pontevedra onde só o 8,3% do total de mulleres da provincia vive na súa capital, residindo o 31,6% do total en municipios de 100.000 a 500.000 habitantes, observándose polo tanto, a importancia do concello de Vigo no total provincial.

### Movemento natural da poboación

Os datos proporcionados polo INE do número de fillos por muller (**cadro 1.4.**) mostran o que poderíamos definir como un estancamento no período 1996-01, período no que para o conxunto de Galicia o número medio de fillos por muller pasou de 0,92 a 0,91, fronte ó incremento acontecido en España no mesmo período onde o número medio de fillos por muller pasou de 1,17 a 1,24.

Por provincias, destacan Pontevedra e A Coruña con 1,01 e 0,91 fillos e fillas por muller respectivamente, e no lado oposto Ourense con 0,75 fillos e fillas por muller, sendo así mesmo a provincia de A Coruña a única cun número medio de fillos no ano 2001 maior ó que existía no ano 1996.

Da análise dos datos do **cadro 1.5.** sobre o número medio de fillos nados vivos no ano 1999 segundo a actividade económica, cabe destacar que

1.6.

**Nacementos, defuncións e crecemento vexetativo en Galicia e España 1996-2001** (1)

	Nacementos		Defuncións		Crecemento vexetativo	
	1996	2001	1996	2001	1996	2001
A Coruña	7.385	7.994	11.192	11.471	-3.807	-3.477
Lugo	1.982	1.894	5.017	4.697	-3.035	-2.803
Ourense	1.968	1.800	4.549	4.351	-2.581	-2.551
Pontevedra	7.262	7.706	8.121	7.746	-859	-40
<b>Total</b>	<b>18.597</b>	<b>19.394</b>	<b>28.879</b>	<b>28.265</b>	<b>-10.282</b>	<b>-8.871</b>
<b>España</b>	<b>361.947</b>	<b>403.859</b>	<b>349.182</b>	<b>358.856</b>	<b>12.765</b>	<b>45.003</b>

(1) ano 2001: datos provisionais  
 Fonte: INE, *Movimiento natural de la población*

1.7.

**Taxas (1) de natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo en Galicia e España 1996-2001** (2)

	Natalidade		Mortalidade		Crecemento vexetativo	
	1996	2001	1996	2001	1996	2001
A Coruña	6,71	7,22	10,17	10,36	-3,46	-3,14
Lugo	5,33	5,24	13,50	13,00	-8,17	-7,76
Ourense	5,70	5,25	13,17	12,70	-7,47	-7,45
Pontevedra	8,05	8,43	9,01	8,48	-0,96	-0,05
<b>Total</b>	<b>6,84</b>	<b>7,12</b>	<b>10,62</b>	<b>10,37</b>	<b>-3,78</b>	<b>-3,25</b>
<b>España</b>	<b>9,23</b>	<b>10,03</b>	<b>8,95</b>	<b>8,91</b>	<b>0,28</b>	<b>1,12</b>

(1) taxas por 1.000 habitantes  
 (2) ano 2001: datos provisionais  
 Fonte: INE, *Indicadores demográficos básicos*

o número medio de fillos das mulleres asalariadas en Galicia é de 1,1, sendo o das asalariadas fixas de 1,2 e o das asalariadas temporais de 0,8. Ditos datos son superiores en 0,1 puntos ós do Estado. O maior número de fillos dáse nas categorías de ocupadas noutra situación (2,2) e de ocupadas por conta propia (1,9). Respecto das non ocupadas destaca o dato das xubiladas, pensionistas (2,4), outra situación (2) e labores do fogar (1,8).

En termos absolutos, **cadro 1.6.**, no ano 2001 naceron en Galicia un total de 19.394 nenos e nenas, 797 nacementos máis que no ano 1996, estes nacementos no ano 2001 representa o 4,8% do total de nacementos en España no citado ano.

As provincias de A Coruña e Pontevedra son as que presentan un maior número de nacementos con 7.994 e 7.706 nacementos no ano 2001 respectivamente. Os avances de datos para o ano 2001, sitúan a Galicia cunha taxa de natalidade do 7,12. A segunda máis baixa do estado español, só por riba do Principado de Asturias, sendo, o mesmo tempo, España o país europeo cunha menor taxa de fecundidade da UE15.

O **cadro 1.7.** amosa o incremento de 0,28

puntos da **taxa de natalidade** en Galicia no período 1996-2001, pasando de 6,84 nacementos por cada 1.000 habitantes no ano 1996 ós xa sinalados 7,12 nacementos por cada 1.000 habitantes. En España o aumento da taxa de natalidade no período analizado foi superior ó de Galicia (0,8 puntos máis fronte ós 0,28 de Galicia) pasando de 9,23 nacementos por cada 1.000 habitantes no ano 1996 a 10,03 nacementos no ano 2001. A maiores de existir no conxunto do estado un maior crecemento dos nacementos por cada 1.000 habitantes, existe unha taxa de natalidade que é case 3 puntos superior á existente en Galicia no ano 2001.

Desagregando o estudo por provincias, é Pontevedra a que rexistra a maior taxa de natalidade nos anos considerados (8,43 nacementos por cada 1.000 habitantes no ano 2001), sendo, xunto coa provincia de A Coruña (7,22 nacementos por cada 1.000 habitantes no ano 2001) as dúas provincias que superan á media galega. As provincias de Ourense e Lugo teñen unha taxa de 5,25 e 5,24 nacementos por cada 1.000 habitantes no ano 2001 respectivamente, tendo ó mesmo tempo unhas taxas de natalidade inferiores ás existentes nestas provincias no ano 1996.



## 1.8.

Indicadores de fecundidade 2000

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Taxa xeral de fecundidade	27,26	24,86	24,15	30,83	27,90
Idade media á maternidade	30,64	30,17	30,18	30,16	30,35
Índice sintético de fecundidade	0,91	0,83	0,81	1,02	0,93
Porcentaxe nacementos nais activas	50,71	35,22	40,71	42,59	44,93
Taxas de fecundidade por idade da nai (1)					
<20	5,92	6,82	6,71	7,33	6,62
20-24	20,63	22,66	20,61	27,55	23,42
25-29	50,88	48,77	46,85	60,44	53,67
30-34	67,03	56,96	58,91	71,84	66,61
35-39	31,95	26,57	24,09	31,11	30,09
40-44	4,80	4,75	4,23	5,14	4,85
>44	0,24	0,29	0,20	0,22	0,23

(1) Número de nacementos por cada 1.000 mulleres en idade fértil.  
Fonte: IGE, *Movemento natural da poboación*

A **taxa de mortalidade** en Galicia no ano 2001 situouse nas 10,37 defuncións por cada 1.000 habitantes, (10,62 no ano 1996) fronte ás 8,91 defuncións por cada 1.000 habitantes no conxunto do estado (8,95 no ano 1996). A redución na taxa de mortalidade no período rexistrouse en tódalas provincias galegas agás na provincia de A Coruña onde esta taxa pasou de 10,17 defuncións por cada 1.000 habitantes no ano 1996 a 10,36 defuncións no ano 2001. Pontevedra é a provincia galega cun menor número de defuncións situándose en 8,48 defuncións por cada 1.000 habitantes, no extremo oposto encóntrase a provincia de Lugo con 13 defuncións por cada 1.000 habitantes, malia observarse un descenso da taxa de mortalidade no período de 0,5 puntos, pasando de 13,5 defuncións por cada 1.000 habitantes no ano 1996 ás xa citadas 13 defuncións no ano 2001, sen embargo a provincia onde se produciu unha maior redución da taxa de mortalidade no período 1996-2001 foi Pontevedra con 0,53 puntos menos na taxa de mortalidade no ano 2001 en relación ó ano 1996.

No ano 2001 producíronse en Galicia un total de 28.265 **defuncións**, 614 defuncións menos que no ano 1996, o que representa o 7,8% do total de defuncións no conxunto do estado. Por provincias A Coruña contabilizou un total de 11.471 falecementos, seguida de Pontevedra con 7.746.

A magnitude das taxas de natalidade e mortalidade así como a súa evolución explican o **crecemento vexetativo** que se produciu en Galicia. Obsérvase como este é negativo en Galicia (-8.871) a diferenza do que acontece para o con-

xunto do estado (45.003). As catro provincias galegas presentan, así mesmo, un crecemento vexetativo negativo, sendo a provincia de Pontevedra a que obtén o menor valor; nembargantes é importante salientalo feito de que no período 1996-01 en tódalas provincias galegas incrementouse o saldo vexetativo.

A nivel comarcal, o **anexo I** mostra o saldo vexetativo das comarcas galegas agrupadas por provincias. Así na provincia de A Coruña, as 18 comarcas ca integran presentan un saldo vexetativo negativo; na provincia de Lugo, das 13 comarcas existentes todas presentan un saldo vexetativo negativo, o que pasa tamén nas 12 comarcas da provincia de Ourense. Finalmente, na provincia de Pontevedra existen tres comarcas, das 10 que a integran, cun saldo vexetativo positivo, O Morrazo (109), O Salnés (32) e Vigo (453).

O **cadro 1.8.** recolle unha serie de taxas e índices que reflicten a situación no conxunto de Galicia así como a nivel provincial dos **indicadores de fecundidade** en base ó número de nacementos nos anos 1999 e 2000.

A taxa xeral de fecundidade, que se define como o número de nacementos por cada 1.000 mulleres en idade fértil, entendendo que esta é entre 15 e 49 anos, sitúase para o conxunto de Galicia en 27,90 nacementos, sendo a provincia de Pontevedra a única cunha taxa superior á media galega (30,83 nacementos por cada 1.000 mulleres en idade fértil). A taxa de fecundidade para o conxunto do estado español é de 26,37 nacementos por cada 1.000 mulleres en idade fértil, máis dun

1.9.

*Nacementos en Galicia 1998-99: distribución segundo a idade e profesión da nai*

Profesión da nai	1998									1999	
	Idade da nai									Total	
	<15	15-19	20-24	25-29	30-34	35-39	40-44	45-49	>49	Total	Total
<b>Activas</b>	-	63	603	2.274	3.269	1.370	199	4	1	7.783	8.177
Profesionais	-	2	54	587	1.333	630	89	2	-	2.697	
Directivas	-	-	21	112	143	58	10	-	-	344	
Administrativas	-	5	96	541	862	374	54	-	-	1.932	
Comercio	-	8	107	264	233	70	11	-	-	693	
Servicios	-	30	183	438	424	130	15	1	-	1.221	
Agricultura	-	5	27	40	57	17	10	1	1	158	
Producción	-	13	106	290	215	91	10	-	-	725	
Forzas Armadas	-	-	9	2	2	-	-	-	-	13	
<b>Inactivas</b>	4	344	1.252	1.976	1.698	632	138	7	1	6.052	5.548
Estudiantes	-	73	119	65	18	3	-	-	-	278	
Labores da casa	4	271	1.132	1.910	1.678	628	138	7	1	5.769	
Xubiladas	-	-	1	1	2	1	-	-	-	5	
<b>Non Clasificables</b>	5	236	884	1.477	1.427	572	99	3	-	4.703	5.059
<b>Total</b>	<b>9</b>	<b>643</b>	<b>2.739</b>	<b>5.727</b>	<b>6.394</b>	<b>2.574</b>	<b>436</b>	<b>14</b>	<b>2</b>	<b>18.538</b>	<b>18.784</b>

Fonte: IGE, *Movemento natural da poboación*

punto por debaixo da taxa xeral de fecundidade para Galicia.

A franxa de idade na que a fecundidade é maior sitúase entre 30 e 34 anos, con 66,61 nacementos, calculados como cociente entre os nacementos de nais entre 30 e 34 anos e o total de mulleres nese grupo de idade, seguido das nais entre 25 e 29 anos cunha taxa de fecundidade de 53,67 fillos por cada 1.000 mulleres englobadas nesa franxa de idade.

No que respecta á idade media á maternidade, calculada como a media aritmética das idades ponderada polas taxas específicas de fecundidade de cada grupo, sitúase para o conxunto de Galicia en 30,3 anos, sendo a provincia de A Coruña a que ten unha idade media maior con 30,6 anos de media.

Pódese calcular así mesmo o índice sintético de fecundidade, que representa o número esperado de fillos por muller ó longo da súa vida fértil, supoñendo que non hai mortalidade para as mulleres nos seus anos fértiles e que durante ese período se rexistrarán as taxas específicas de fecundidade do ano en cuestión. Tendo presentes os citados supostos, o índice sintético de fecundidade obtense como suma das taxas específicas de fecundidade por idade. Así, o número esperado de fillos por muller no conxunto de Galicia é de 0,93, só superando esa cifra a provincia de Pontevedra

con 1,02 fillos esperados por muller en idade fértil.

Por outra banda, salienta-lo feito de que o 44,93% das mulleres laboralmente activas no conxunto de Galicia teñen fillos, sendo a provincia de A Coruña a única que se sitúa por riba desa media cun 50,71% de nais activas.

A relación existente entre os **nacementos e a idade e profesión da nai** para o ano 1998 está descrita no **cadro 1.9.**; neste senso, cabe destacar que do total de nacementos rexistrados en Galicia no ano 1998, o 41,9% corresponde a nais en situación activa (o 43,5% no ano 1999), o 32,6% a nais en situación inactiva (o 29,5% no ano 1999), e o 25,4% restante ó grupo de non clasificables (o 26,9% no ano 1999).

No que atinxe ás nais activas, dos 7.783 nacementos no ano 1998 o 34,6% é de nais con actividades profesionais, das que preto do 50% teñen entre 30 e 34 anos, en segundo lugar están as nais con actividade como administrativas co 24,8% dos nacementos do conxunto de nais activas, estando, igual que no caso das nais con actividade profesional, os nacementos concentrados principalmente en nais entre 30 e 34 anos.

No que respecta ás nais en situación inactiva, dos 6.052 nacementos rexistrados para este colectivo no ano 1998, o 95% corresponde a nais





## 1.10.

**Expedicións de títulos de familia numerosa 2001**

	Títulos novos	Títulos renovados	Total
A Coruña	830	4.702	5.532
Lugo	222	1.418	1.640
Ourense	324	985	1.309
Pontevedra	1.031	4.428	5.459
<b>Total</b>	<b>2.407</b>	<b>11.533</b>	<b>13.940</b>

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, Estatística de familias numerosas

enmarcadas no colectivo de "Labores da casa", adiantándose, neste caso, a idade con maior número de nacementos á de nais entre 25 e 29 anos.

Finalmente o **cadro 1.10.** recolle o número de títulos de **familia numerosa** expedidos, que ascendeu no ano 2001 a 13.940 títulos, dos que 2.407 foron títulos novos. Atendendo a súa distribución provincial, as provincias de A Coruña e Pontevedra son as que concentran un maior número de títulos expedidos con 5.532 e 5.459 respectivamente. En canto á expedición de títulos novos no ano 2001 destaca a provincia de Pontevedra co 42,8% do total de novos títulos expedidos no citado ano en Galicia.

Os **movementos migratorios** dentro da Comunidade Autónoma son todos aqueles desprazamentos de poboación realizados entre municipios galegos con intencionalidade de permanencia.

Tal como se expuxo ó comezo deste capítulo, a un de xaneiro de 2001, Galicia tiña unha poboación de 2.732.936 persoas, das que o 51,9% eran mulleres, o que supuña o 6,77% da poboación feminina española, destacando polo volume de poboación as provincias de A Coruña e Pontevedra.

Atendendo á distribución da poboación segundo o seu lugar de nacemento e o seu sexo, para os anos 1996 e 2001, **cadro 1.11.**, tíranse como aspectos máis salientables os seguintes:

a) No ano 2001 o 95,2% da poboación residente en Galicia era española, e un 95,2% nacera na comunidade autónoma. Asemade, o 88,6% naceu na mesma provincia onde reside e o 66,2% dos habitantes residen no mesmo concello de nacemento.

b) Atendendo á desagregación por sexo o radio de desprazamento das mulleres é superior ó dos homes. A porcentaxe de mulleres residentes en municipios galegos pero nadas no estranxeiro (2,2% sobre total da poboación galega), en concellos doutra provincia galega (3,5% do total da poboación galega), ou en outros concellos da súa provincia de residencia (11,8% sobre o total da poboación galega), é superior á rexistrada para o caso dos homes.

c) Comparando os datos cos do Padrón de 1996 rexístranse incrementos nas porcentaxes de residentes en municipios galegos nados no estranxeiro, noutra comunidade autónoma, en municipios doutra provincia galega e en concellos da mesma provincia, reducíndose a porcentaxe de residentes no mesmo concello de nacemento.

Atendendo á desagregación provincial, a provincia de Lugo é a que presenta unha maior porcentaxe de poboación residente nacida noutra comunidade autónoma co 5,3% do total así como de poboación residente nacida na mesma provincia co 90,3% do total; a provincia de Ourense presenta á maior porcentaxe de residentes nados no estranxeiro co 7,2% do total; e a provincia de Pontevedra ten a maior porcentaxe das catro provincias galegas de poboación residente nacida noutra provincia da mesma comunidade autónoma (o 7,8% dos residentes).

Na provincia de Pontevedra, a diferenza do acontecido nas outras tres provincias galegas así como no conxunto de Galicia, a porcentaxe de mulleres residentes no mesmo concello de nacemento é superior á dos homes. Dun xeito semellante Pontevedra tamén presenta unha situación diverxente coas outras provincias galegas no caso

1.11.

Poboación galega 1996-2001: distribución segundo provincia, sexo e lugar de nacemento

	Nacidos en España						En distinta Com. Autónoma	Nacidos no estranxeiro
	Total	Na mesma Comunidade Autónoma			Distinta Provincia			
		Mesma Provincia		Distinto Municipio				
		Total	Mesmo Municipio					
<b>Total Galicia</b>								
<b>2001 Ambos sexos</b>	2.621.635	2.497.924	2.324.581	1.737.854	586.727	173.343	123.711	111.291
<b>Varóns</b>	1.261.362	1.201.135	1.119.846	843.478	276.368	81.288	60.227	52.716
<b>Mulleres</b>	1.360.273	1.296.789	1.204.734	894.376	310.358	92.055	63.484	58.575
<b>1996 Ambos Sexos</b>	2.655.825	2.537.298	2.366.405	1.796.851	569.554	170.894	118.527	86.797
<b>Varóns</b>	1.278.904	1.221.285	1.141.182	873.510	267.672	80.103	57.619	41.443
<b>Mulleres</b>	1.376.921	1.316.013	1.225.223	923.341	301.882	90.791	60.908	45.354
<b>Provincia de A Coruña</b>								
<b>2001 Ambos sexos</b>	1.067.931	1.018.096	945.948	657.582	288.365	72.148	49.835	40.071
<b>Varóns</b>	513.048	488.582	454.995	319.797	135.198	33.587	24.466	18.991
<b>Mulleres</b>	554.883	529.514	490.953	337.785	153.167	38.561	25.368	21.080
<b>1996 Ambos Sexos</b>	1.081.259	1.034.039	963.664	681.811	281.853	70.375	47.220	29.043
<b>Varóns</b>	519.918	496.816	464.069	332.423	131.646	32.747	23.102	14.003
<b>Mulleres</b>	561.341	537.223	499.595	349.388	150.207	37.628	24.118	15.040
<b>Provincia de Lugo</b>								
<b>2001 Ambos sexos</b>	354.250	335.226	320.071	246.439	73.632	15.155	19.024	9.875
<b>Varóns</b>	172.275	163.156	156.055	123.445	32.610	7.101	9.119	4.581
<b>Mulleres</b>	181.975	172.070	164.015	122.993	41.022	8.054	9.905	5.294
<b>1996 Ambos Sexos</b>	362.147	344.113	329.556	257.093	72.463	14.558	18.034	8.156
<b>Varóns</b>	176.657	168.078	161.243	129.202	32.041	6.835	8.578	3.893
<b>Mulleres</b>	185.491	176.035	168.312	127.891	40.421	7.723	9.456	4.262
<b>Provincia de Ourense</b>								
<b>2001 Ambos sexos</b>	321.211	305.049	288.158	209.968	78.190	16.891	16.162	23.412
<b>Varóns</b>	153.985	146.327	138.375	101.652	36.723	7.952	7.658	11.310
<b>Mulleres</b>	167.226	158.722	149.783	108.316	41.467	8.939	8.505	12.102
<b>1996 Ambos Sexos</b>	327.905	312.280	295.670	220.791	74.880	16.610	15.625	19.008
<b>Varóns</b>	157.465	150.064	142.267	106.982	35.285	7.797	7.401	9.313
<b>Mulleres</b>	170.440	162.216	153.403	113.809	39.595	8.813	8.224	9.695
<b>Provincia de Pontevedra</b>								
<b>2001 Ambos sexos</b>	878.243	839.553	770.404	623.865	146.539	69.149	38.690	37.933
<b>Varóns</b>	422.053	403.069	370.421	298.584	71.837	32.648	18.985	17.835
<b>Mulleres</b>	456.190	436.484	399.983	325.281	74.702	36.501	19.706	20.098
<b>1996 Ambos sexos</b>	884.514	846.866	777.514	637.156	140.359	69.351	37.648	30.590
<b>Varóns</b>	424.865	406.327	373.603	304.903	68.700	32.724	18.538	14.233
<b>Mulleres</b>	459.649	440.539	403.911	332.253	71.658	36.627	19.110	16.357

Fonte: INE, Revisión del Padrón municipal

das persoas que residen na mesma provincia onde naceran pero en distinto municipio, neste caso na provincia de Pontevedra a porcentaxe dos homes supera á das mulleres.

No que respecta ós movementos migratorios de Galicia con España, no **cadro 1.12.** expóñense, en valores absolutos, o número de residentes galegos distribuídos por comunidade autónoma de nacemento, destacando pola súa importancia numérica os residentes nados en Castela e León (31.805), seguidos de Madrid (17.389), Asturias (15.947) e o País Vasco (14.129). O 51,3% do total de residentes nas catro provincias galegas nados noutra comunidade autónoma son mulleres, das que o 25,5% naceron en Castela e León. Por provincias, destacar que o 71,5% dos resi-

dentes nados noutra comunidade autónoma residen nas provincias de A Coruña e Pontevedra. Finalmente destacar que nas catro provincias galegas o número de mulleres residentes nadas noutra comunidade autónoma é maior ó dos homes.

A evolución do volume de residentes estranxeiros na Comunidade Autónoma de Galicia ó longo da serie 1996-2001 é positiva en tódolos anos, aínda que a taxa de incremento anual de estranxeiros en Galicia está moi por debaixo, en tódolos anos, da taxa de incremento estatal.

Tal como se mostra no **cadro 1.13.**, a porcentaxe de residentes estranxeiros en Galicia no ano 2001 é do 2,40% do total estatal, sendo a por-



1.12.

Poboación nacida en España 2001: distribución segundo C.A. de nacemento e sexo

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total		
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
Andalucía	4.451	2.152	1.031	511	1.086	530	556	4.060	2.132	1.928	5.147
Aragón	1.126	585	265	132	276	110	166	812	395	417	1.301
Asturias	6.149	3.213	5.374	2.859	1.298	549	749	3.126	1.492	1.634	7.492
Balears	448	199	73	38	145	59	86	297	137	160	480
Canarias	938	460	126	60	175	77	98	1.020	503	517	1.159
Cantabria	1.257	601	302	140	255	114	141	807	358	449	1.408
Castela e León	12.215	6.178	3.890	1.992	5.133	2.506	2.627	10.567	5.180	5.387	15.620
Castela- A Mancha	1.551	793	458	213	455	222	233	1.235	631	604	1.891
Cataluña	3.627	1.830	2.481	1.289	1.930	945	985	3.005	1.514	1.491	5.448
Com. Valenciana	1.155	567	262	125	372	190	182	993	474	519	1.426
Extremadura	1.278	626	373	180	475	225	250	1.327	664	663	1.758
Galicia	1.018.096	488.582	335.226	163.156	305.049	146.327	158.722	839.553	403.069	436.484	1.296.789
Madrid	7.766	3.958	2.067	1.093	1.527	732	795	6.029	2.972	3.057	8.903
Murcia	868	470	91	50	131	64	67	530	277	253	759
Navarra	537	302	148	70	141	65	76	391	157	234	527
País Vasco	5.655	3.001	1.954	932	2.561	1.191	1.370	3.959	1.864	2.095	6.641
A Ríoxa	339	161	68	22	112	39	73	250	103	147	325
Ceuta	215	108	27	12	40	16	24	100	49	51	197
Melilla	242	115	30	14	42	20	22	167	75	92	257
<b>Total</b>	<b>1.067.913</b>	<b>513.039</b>	<b>354.246</b>	<b>172.272</b>	<b>321.203</b>	<b>153.981</b>	<b>167.222</b>	<b>878.228</b>	<b>422.046</b>	<b>456.182</b>	<b>1.360.252</b>
<b>Total poboación</b>	<b>1.108.002</b>	<b>532.039</b>	<b>364.125</b>	<b>176.856</b>	<b>344.623</b>	<b>165.295</b>	<b>179.328</b>	<b>916.176</b>	<b>439.888</b>	<b>476.288</b>	<b>1.314.078</b>

Fonte: INE. Revisión del Padrón municipal

1.13.

**Estranxeiros residentes e poboación total 2001**

	Estranxeiros	Poboación total	E / Pob. Total %
U.E.	32.950.648	377.988.000	8,72
España	1.109.060	41.116.842	2,70
<b>Galicia</b>	<b>26.612</b>	<b>2.732.926</b>	<b>0,97</b>
A Coruña	7.366	1.108.002	0,66
Lugo	3.545	364.125	0,97
Ourense	5.337	344.623	1,55
Pontevedra	10.364	916.176	1,13
	%		
España/ U.E	3,37	10,88	
Galicia/España	2,40	6,65	
A Coruña/ Galicia	27,68	40,54	
Lugo/ Galicia	13,32	13,32	
Ourense/ Galicia	20,05	12,61	
Pontevedra/ Galicia	38,94	33,52	

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE, Eurostat e Ministerio del Interior

1.14.

**Estranxeiros residentes en Galicia e España 2001: distribución segundo tipo de réxime, sexo e provincia de residencia**

	Total España	Galicia				
		Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
<b>Réxime xeral</b>	659.179	8.581	2.592	1.228	956	3.805
Varóns	390.798	4.336	1.274	575	392	2.095
Mulleres	265.451	4.241	1.318	651	563	1.709
Sexo descoñecido	2.930	4	-	2	1	1
<b>Réxime comunitario</b>	449.881	18.031	4.774	2.317	4.381	6.559
Varóns	215.220	8.659	2.029	1.197	2.198	3.235
Mulleres	229.392	9.203	2.739	1.076	2.143	3.245
Sexo descoñecido	5.269	169	6	44	40	79
<b>Total</b>	<b>1.109.060</b>	<b>26.612</b>	<b>7.366</b>	<b>3.545</b>	<b>5.337</b>	<b>10.364</b>
Varóns	606.018	12.995	3.303	1.772	2.590	5.330
Mulleres	494.843	13.444	4.057	1.727	2.706	4.954
Sexo descoñecido	8.199	173	6	46	41	80

Fonte: INE, Extranjeros residentes en España

vincia de Pontevedra a que acada un maior volume de residentes estranxeiros.

Existe unha desigualdade entre a porcentaxe de poboación que acolle Galicia sobre o total estatal, o 6,65% no ano 2001, e a porcentaxe de estranxeiros que é do 2,4% dos contabilizados a nivel estatal.

En relación á distribución por sexo e réxime dos residentes estranxeiros en Galicia, o **cadro 1.14.** mostra como dos 26.612 residentes estranxeiros no ano 2001 en Galicia, o 67,7% estaban adscritos ó réxime comunitario, mentres que o 32,3% restante ó réxime xeral, sendo a provincia cun maior volume de residentes estranxeiros en ámbolos dous réximes a de Pontevedra.

No que respecta á distribución por sexo, o número de mulleres adscritas ó réxime comunitario para o conxunto de Galicia é superior ó de homes. Nembargantes as provincias de Lugo e Ourense teñen un número de homes superior ó de mulleres. A relación entre volume de mulleres e homes no réxime xeral é contraria á anterior. Así para o conxunto de Galicia existen máis homes que mulleres adscritos ó réxime xeral mentres que nas provincias de A Coruña, Lugo e Ourense existen máis mulleres que homes. ■